



CONCELLOS

LÁNCARA

Anuncio

O señor alcalde do concello de Láncara por decreto de 17 de xaxeiro de 2022 acordou:

Nomear Tenente de Alcalde e membro da Xunta de Goberno Local a D^a Emilia Fernández Seijo.

Establecer, ós efectos da suplencia orgánica do cargo de Alcalde Presidente da Corporación, nos supostos previstos pola lexislación local vixente, así como o desempeño das funcións de Alcalde- Presidente nos supostos de vacante, a seguinte orde do seu nomeamento:

1º tenente de alcalde, D. Pablo Rivera Capón. 2º tenente de alcalde, D. José Manuel García Aldegunde, 3ª tenente de alcalde, D^a Emilia Fernández Seijo.

Láncara, 24 de xaneiro de 2022.- O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 0122

LOURENZÁ

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 19/01/22 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos correspondente ao cuarto trimestre do 2021, expónse ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións. Establécese como período de cobro en voluntaria do 1 ó 21 de xaneiro do 2022.

Lourenzá, 19 de xaneiro do 2022.- A ALCALDESA, Rocío López García.

R. 0123

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº 397/2022 do 17/01/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de ARQUIVEIRO/A pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2020), convocado polo Decreto Nº 8076/2021 do 01/10/2021 unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e tendo en conta:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día dezaioito de novembro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo 5/584 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUIVEIRO/A PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2020).
- Decreto Nº 8064/2020 do 10/12/2020 polo que se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Arquivo/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OEP 2020).

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 294, do 23 de decembro de 2020, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 31, de 16 de febreiro de 2021. O anuncio para proveer as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 61 do 12 de marzo de 2021.

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 7 de xullo de 2021, adoptou, entre outros o acordo 10/431 MODIFICACIÓN DO ACORDO 5/584 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUIVEIRO/A PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2020) EN RELACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR BASE 9.
- Decreto Nº 6350/2021 do 22/07/2021 polo que se resolveu declarar deserta a convocatoria do proceso selectivo para acceso en propiedade a unha praza de Arquivo/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OEP 2020).
- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2021, adoptou, entre outros o acordo 10/482 PROPOSTA MODIFICACIÓN ACORDO 5/584 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 11 DE NOVEMBRO DE 2020, APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUIVEIRO/A PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2020)
- Decreto Nº 8076/2021 do 01/10/2021, polo que se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Arquivo/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OEP 2020), que se rexerá tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE” publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 5/584 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 18 de novembro de 2020 e modificadas polos acordos 10/431 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 7 de xullo de 2021 e 10/482 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28 de xullo de 2021.

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 239, do 18 de outubro de 2021, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 210, de 2 de novembro de 2021. O anuncio para proveer as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 271 do 12 de novembro de 2021.

- Con data do 14 de decembro de 2021 rematou o prazo de presentación de solicitudes.
- Proposta do Xefe de Servizo de Persoal de data 14 de xaneiro de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. número 099, do 2 de maio de 2017 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (no BOP de Lugo número 274, do 29 de novembro de 2018 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais), figurando na súa base DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria, tendo en conta a proposta do Xefe de Servizo de Persoal de data 14 de xaneiro de 2022 e en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 8076/2021 do 01/10/2021, para acceso en propiedade a unha praza de ARQUIVEIRO/A, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2020) que se rexe tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE” publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo,

nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 5/584 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 18 de novembro de 2020 e modificadas polos acordos 10/431 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 7 de xullo de 2021 e 10/482 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28 de xullo de 2021, que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI
ARAUJO SEOANE, JOAQUIN	***1170**
BOULLOSA RODRIGUEZ, PAULA	***1884**
LOPEZ RODRIGUEZ, BEGOÑA	***6477**
LOUREIRO BADA, ROSA	***5340**
MONTERO SABIN, ELENA	***0674**
PEREZ MARTINEZ, MARIA	***9055**
PEREZ TORRON, LAURA	***5722**
POLO TRASANCOS, MARTA	***8673**
RAMIREZ ABAL, BENITO	***8624**
REAL GALLEGO, MARINO	***0739**
REY MODIA, JESUS	***5363**

EXCLUIDOS/AS

Apellidos e nome	DNI	Motivo de exclusión
CHAO DABLANCA, CARMEN	***5155**	Presentar unha titulación de grado sen aportar título de máster.
MENDEZ PAZOS, UXIO	***5342**	Por non aportar xustificante de aboamento de taxas durante o prazo de presentación de solicitudes.
TERZADO LOPEZ, CRISTINA	***9258**	Presentar unha titulación de grado sen aportar título de máster.

Segundo.- Facer público que, segundo consta no acordo 10/482 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28 de xullo de 2021, o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Arqueiro/a; estará constituído do seguinte xeito:

Presidenta:

Dona M^a Dolores Pereira Oliveira, Directora do Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

Suplente: Don Fernando Prado Rodríguez, Técnico de Administración Xeral do servizo de Facenda Local do Concello de Lugo

Vogais:

Titular: D.^a Rosa Martín Rey, Xefa de Sección de Xestión Xerancia Territorial do Catastro de Lugo. Corpo facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos do Estado.

Suplente: D.^a Isabel Ozores Sieira, Licenciada en dereito do Concello de Lugo.

Titular: D.^a Olimpia López Rodríguez, Xefa de Sección de Arquivo da Xunta.

Suplente: D^a Ana Isabel Sáez Mancebo, Técnico de Administración Xeral do Concello de Lugo.

Titular: D.^a Covadonga Honrado Honrado, Xefa de Servizo de Licenzas do Concello de Lugo.

Suplente: D. José María González Rodríguez, Xefe de Servizo de Urbanismo do Concello de Lugo.

Secretaría:

Titular: D.^a María García Ferro, Secretaría - Interventora do Concello de Castroverde.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez, Letrado Asesor - Vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

R. 0124

Anuncio

Decreto Nº 288/2022 do 13/01/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto acordo 9/701 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 5 de decembro de 2018, de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2018 (BOP 15 de febreiro de 2019) na que figura unha praza de Oficial Conductor/a Maquinista, grupo C, subgrupo C2, escala de administración especial, modificada na actual relación de postos de traballo extraordinaria celebrada en data 27 de maio de 2020, pasando a denominarse Oficial Conductor/a Maquinista Padexeiro/a

Visto acordo 13/800 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 22 de decembro de 2021 de aprobación das BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL CONDUTOR/A MAQUINISTA PADEXEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OPE 2018).-

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de OFICIAL CONDUTOR/A MAQUINISTA PADEXEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OPE 2018), que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE" publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 13/800 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 22.12.2021, que seguidamente se transcriben:

1º.- **OBJECTO.**- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionaria/o de carreira, a unha praza de Oficial Conductor/a Maquinista Padexeiro/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018. Foron publicadas nos boletíns oficiais da provincia de Lugo, nº 099, do 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir as persoas aspirantes nomeadas, a través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: unha praza de Oficial Conductor/a Maquinista Padexeiro/a.

b) Grupo de titulación: GRUPO C (subgrupo C2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: servizos especiais

- Clase: persoal de oficios

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** O sistema selectivo será o de oposición libre.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA

a) Estar en posesión do título de graduado escolar, graduado en ESO, titulación superior ou equivalente.

b) Estar en posesión dos permisos de conducir dos tipos A, C e D.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As interesadas e interesados en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Copia auténtica da titulación esixida.
- c) Copia dos permisos de conducir dos tipos A, C e D.

d) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. As interesadas e interesados deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 13,00 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas e prezos públicos” que se atopa a disposición das e dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- PROCESO SELECTIVO

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes ás prazas á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, tanto materias comúns como específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta.

O temario de materias comúns intégrano 4 temas e figura na base décimo sexta das bases xerais xa citadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal o número de respostas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta.

- **SEGUNDO EXERCICIO**, teórico: desenvolvemento, por escrito, de dous temas extraídos ao chou dos que integran a parte específica do programa. O tempo máximo para desenvolver o devandito exercicio será de 90 minutos. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso acadar un mínimo de cinco puntos para superalo. Serán eliminadas aquelas persoas aspirantes que non o obteñan.
- **TERCEIRO EXERCICIO**, práctico: consistirá en realizar, durante un tempo máximo de dúas horas, un ou varios supostos ou probas prácticas que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e versará sobre algunha das cuestións e materias contidas no temario específico.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos as e os aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 3 ou equivalente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- Lexislación española en materia de transporte por estrada. Lei de ordenación do transporte terrestre e regulamentos que a desenvolven.

Tema 2.- O tacógrafo. Concepto e clases. Tacógrafos mecánicos. Tacógrafos electrónicos. O factor W. verificación, precintado e revisións dos tacógrafos. Vehículos para os que é obrigatorio o uso do tacógrafo. A técnica do tacógrafo. O disco diagrama. Tempos de condución e de descanso. Infraccións e sancións.

Tema 3.- Normas xerais de circulación. Principios xerais. O sentido da circulación. Posición na calzada. Utilización de carrís en poboado e fóra de poboado. Supostos especiais de utilización de carrís: carrís reversibles, carrís de utilización en sentido contrario ao habitual, carrís adicionais, carrís BUS, carrís VAO. Circulación pola beiravía: condutores obrigados á súa utilización.

Tema 4.- A prioridade do paso: normas de prioridade en interseccións, tramos en obras e estreitamentos, paso por pontes e obras de paso, tramos de gran pendente. Cruzamento de pasos a nivel e pontes levadizas.

Tema 5.- Inmobilizacións. Detención, parada e estacionamento: a súa regulamentación. Outras immobilizacións: immobilizacións ordenadas polos axentes da autoridade. Retirada de vehículos da vía pública.

Tema 6.- A velocidade e a súa normativa. Límites de velocidade. Infraccións ás normas de velocidade.

Tema 7.- Manobras básicas da circulación: concepto e normas xerais para a súa realización. Incorporación á circulación. Cambios de dirección, calzada e carril. Cambio de sentido da marcha. Marcha atrás. Distancia entre vehículos: lateral e frontal.

Tema 8.- O adiantamento: a súa regulamentación. Obrigas do condutor do vehículo que adianta e do adiantado antes, perante e despois da manobra. Supostos especiais. Manobras que non se consideran adiantamento.

Tema 9.- Circulación de vehículos. Tipos e categorías de vehículos. Condicións técnicas que deben reunir para que sexa permitida a súa circulación pola vías públicas. Requisitos administrativos. Remolques: requisitos para a súa circulación. Vehículos prioritarios.

Tema 10.- Masas e dimensións dos vehículos: a súa regulamentación. Probas deportivas: a súa regulamentación. Limitacións á circulación: temporais e permanentes.

Tema 11.- Os sistemas de iluminación e sinalización óptica de vehículos: utilización, circulación nocturna e en condicións meteorolóxicas ou ambientais que diminúan sensiblemente a visibilidade. Os sinais acústicos: a súa utilización.

Tema 12.- Inspección técnica de vehículos: inspeccións previas á matriculación, periódicas e extraordinarias. Resultado das inspeccións. Reformas de importancia: conceptos, tipos e procedemento para a súa tramitación.

Tema 13.- Permisos e licenzas de condución: a súa natureza, clases e vehículos que autorizan a conducir. Requisitos esixidos para a súa obtención. Prórroga da vixencia de permisos e licenzas de condución. Variación de datos e duplicados de permisos e licenzas de condución.

Tema 14.- Nocións elementais do funcionamento do automóbil.

Tema 15.- O vehículo como elemento de seguridade viaria. A seguridade activa dos vehículos. Elementos de seguridade activa. A seguridade pasiva dos vehículos. Elementos de seguridade pasiva.

Tema 16.- Condución económica e contaminación do medio ambiente. Precaucións que hai que adoptar para evitar a contaminación. A descontaminación como actividade previa á baixa do vehículo: a súa finalidade.

8º. LISTA DE RESERVAS.- Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionaria/o de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

9º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no

devandito prazo de dous meses, e no caso de que non se resolvera expresamente o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 0125

Anuncio

Decreto Nº 402/2022 do 17/01/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto acordo 9/701 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 5 de decembro de 2018, de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2018 (BOP 15 de febreiro de 2019) na que figuran dúas prazas de OFICIAL (Brigada de Obras) grupo C, subgrupo C2, escala de administración especial, na actual relación de postos de traballo do Excmo. Concello de Lugo aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 27 de maio de 2020. As ditas prazas denomínanse OFICIAL ALBANEL.

Visto acordo 14/801 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 22 de decembro de 2021 de aprobación das BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL ALBANEL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OPE 2018).

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL ALBANEL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OPE 2018), que se rexerá tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE” publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 14/801 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 22.12.2021, que seguidamente se transcriben:

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionaria/o de carreira, a dúas prazas de Oficial Albanel/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE”, aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018. Foron publicadas nos boletíns oficiais da provincia de Lugo, nº 099, do 2 de maio de 2017, e nº 274, do 29 de novembro de 2018.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir as persoas aspirantes nomeadas, a través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- **CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

a) Denominación da praza: dúas prazas de Oficial Albanel.

b) Grupo de titulación: GRUPO C (subgrupo C2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: servizos especiais

- Clase: persoal de oficios

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** O sistema selectivo será o de oposición libre.

4º.- **TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA**

Estar en posesión do título de graduado escolar, graduado en ESO, titulación superior ou equivalente.

5º.- **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As interesadas e interesados en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma

establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Copia auténtica da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. As interesadas e interesados deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 13,00 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas e prezos públicos” que se atopa a disposición das e dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- PROCESO SELECTIVO

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes ás prazas á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, tanto materias comúns como específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta.

O temario de materias comúns intégrano 4 temas e figura na base décimo sexta das bases xerais xa citadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal o número de respostas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta.

- **SEGUNDO EXERCICIO**, teórico: desenvolvemento, por escrito, de dous temas extraídos ao chou dos que integran a parte específica do programa. O tempo máximo para desenvolver o devandito exercicio será de 90 minutos. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso acadar un mínimo de cinco puntos para superalo. Serán eliminadas aquelas persoas aspirantes que non o obteñan.
- **TERCEIRO EXERCICIO**, práctico: consistirá en realizar, durante un tempo máximo de dúas horas, un ou varios supostos ou probas prácticas que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e versará sobre algunha das cuestións e materias contidas no temario específico.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos as e os aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 3 ou equivalente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- Diferentes tipos de maquinaria en albanelería. Maquinaria manual. Características e usos. Tipos de ferramentas de albanelería. Ferramentas manuais: tipos e usos.

Tema 2.- Traballos complementarios de albanería: apertura de rozas, apertura de ocós en forxados, colocación de precercos de portas e fiestras.

Tema 3.- Morteiros: definición, preparación con medios manuais e mecánicos. Utilidade dos morteiros: tipos, dosificacións e nomenclaturas. Aplicación dos diferentes tipos.

Tema 4.- Formigón: clases. Auga de amasado. Calidade e cantidade de auga. Dosificación. Consistencia. Resistencia. Aditivos: tipos e propiedades.

Tema 5.- Cementos: clases. Fraguado e endurecemento. Resistencia. Ladrillos, tipos e medidas e tipos de aparellos segundo a súa colocación.

Tema 6.- Áridos empregados en albanería. Áridos naturais e artificiais características que deben reunir. Tipo, tamaños e granulometrías.

Tema 7.- Materiais auxiliares empregados en albanería: mallas, cantoneiras, perfís auxiliares, selantes, impermeabilizantes etc.

Tema 8.- Replanteos: cimentación, estrutura, muros e cerramentos.

Tema 9.- Trazados de aliñacións. Trazados de paralelas e perpendiculares. Interpretación de planos: escalas e cotas. Aparellos e ferramentas manuais de medida.

Tema 10.- Encofrados. Madeiras: tipos comerciais. Metais: ferro e perfís laminados. Puntais e outros medios auxiliares.

Tema 11.- Solucións aos desniveis. Construción de ramplas. Cálculo de trazado e graduado.

Tema 12.- Estadas. Elección de estadas: de cabaletes, pendurantes e metálicos.

Tema 13. Arquetas de servizos públicos urbanos: abastecemento, rede de sumidoiros e iluminación pública.

Tema 14.- Bordos: materiais e dimensións máis frecuentes. Formas de colocación. Pavimentos de beirarrúas. Pavimentos continuos e discontinuos. Lastros. Baldosas e terrazos. Pedra natural.

Tema 15.- Saneamento. Materiais das tubaxes e diámetros máis frecuentes. Arquetas e pozos de rexistro. Sumidoiros.

Tema 16.- Lexislación básica en prevención de riscos laborais. Obrigas na prevención de riscos. Responsabilidade legal. Funcións de nivel básico recollidas no anexo IV do R.d. 39/1997 dos servizos de prevención.

Tema 17.- Identificación dos riscos asociados á actividade. Concepto de risco e perigo. Accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Localización dos riscos. Riscos por factores organizativos. Riscos por factores materiais. Riscos por usos de elementos. Riscos eléctricos. Riscos por incendios e explosións. Riscos por usos de substancias. Riscos por exposición a radiacións. Riscos por sobreesforzos.

Tema 18.- Aplicación de medidas preventivas e de protección. Protección colectiva. Equipos de protección individual (EPIs). Sinalización. Plans de emerxencia e evacuación. Primeiros auxilios. Principios de ergonomía.

8º. LISTA DE RESERVAS.- Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionaria/o de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

9º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses, e no caso de que non se resolvera expresamente o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 0126

*Anuncio***Decreto Nº 306/2022 do 13/01/2022****Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto acordo 9/701 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 5 de decembro de 2018, de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2018 (BOP 15 de febreiro de 2019) na que figura unha praza de OPERARIO/A (Brigada de Obras) .

Visto acordo 15/802 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 22 de decembro de 2021 de aprobación das BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OPERARIO (BRIGADA DE OBRAS) PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OPE 2018)

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de OPERARIO (BRIGADA DE OBRAS) PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OPE 2018), que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE" publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 15/802 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 22.12.2021, que seguidamente se transcriben:

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionaria/o de carreira, a unha praza de Operario/a (Brigada de vías e obras), do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018. Foron publicadas nos boletíns oficiais da provincia de Lugo nº 099, do 2 de maio de 2017, e nº 274, do 29 de novembro de 2018.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir as persoas aspirantes nomeadas, a través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: unha praza de Operario/a (Brigada de Vías e Obras).

b) Grupo de titulación: GRUPO AP

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: servizos especiais

- Clase: persoal de oficios

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** O sistema selectivo será o de oposición libre.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA

Non se esixe titulación do sistema educativo.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As interesadas e interesados en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Copia auténtica da titulación esixida.

c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. As interesadas e interesados deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 10,80 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar

en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas e prezos públicos” que se atopa a disposición das e dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- PROCESO SELECTIVO

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes a praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar por escrito a un cuestionario composto por 20 preguntas relativas tanto ao contido do programa de materias comúns como da parte de materias específicas, de forma proporcional. Este cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, onde unha delas será a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 40 minutos. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,50 puntos. A mal contestada restará 0,166 puntuando con 0 puntos a deixada en branco. Para superar este primeiro exercicio e pasar ao segundo, deberá acadarse, ao menos, unha puntuación de 5 puntos. O exercicio que propoña o tribunal terá tres preguntas máis de reserva, claramente identificadas como tales, que substituirán as preguntas que, se é o caso, puideran ser obxecto de anulación. As devanditas preguntas de reserva só serán valoradas no caso de que substitúan a algunha outra que fora obxecto de anulación. Estas 3 preguntas de reserva terán que ser contestadas dentro do tempo de 40 minutos. O temario de materias comúns intégrano 4 temas, e figuran na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarias/os e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de 1 hora, un suposto ou proba práctica que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza destas prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 3 ou equivalente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- Materiais e ferramentas empregados na construción así como o seu mantemento e limpeza.

Tema 2.- Saneamentos: elementos constitutivos das redes, arquetas, tubos, sumidoiros e embornais.

Tema 3.- Mantemento específico de tellados. Baixadas de augas pluviais, chemineas.

Tema 4.- Recebado: tipos, materiais empregados e execución.

Tema 5.- Encofrados. Materiais e execución.

Tema 6.- Construción de muros e tabiques. Elementos necesarios e método de realización.

Tema 7.- Illamento, corrección de humidades, revestimentos refractarios e reposición de azulexos e baldosas.

Tema 8.- Normas básicas de prevención de riscos laborais. Relación de EPIS para empregar na construción.

8º. LISTA DE RESERVAS.- Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionaria/o de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

9º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses, e no caso de que non se resolvera expresamente o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 0127

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de xaneiro de 2022, adoptou, entre outros o acordo 11/19 NOMEAMENTO DE DOUS FUNCIONARIOS DE CARREIRA NA CATEGORÍA DE OFICIAIS DA POLICÍA LOCAL, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Nomear a Don Carlos Rozas Ferreiro ***4475** e Don Marcos Illanes Rodríguez ***5064** como funcionarios de carreira na categoría de oficial do Corpo da Policía Local (Escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase Policía Local e Auxiliares, escala básica do subgrupo C1)

SEGUNDO.- Notificarlles o acordado aos interesados, coa advertencia que deberán tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación do presente acordo.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación do presente acordo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

CUARTO.- Ordear a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Lugo, 24 de xaneiro de 2022.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0128

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de xaneiro de 2022, adoptou, entre outros o acordo 12/20 NOMEAMENTO DE NOVE FUNCIONARIOS DE CARREIRA NA CATEGORÍA DE OFICIAIS DA POLICÍA LOCAL, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Nomear a Fernando Prieto Fernández ***3751** José Igor Souto López ***3661** Miguel Angel Castro Figueiras ***0478** Javier Arias Ferreria ***3524** Alejandro Alfonso Cordeiro Fernández ***0998** María López Palacios ***4184** Jorge Sanmiguel Prado ***7896** Rubén Prieto Dorado ***4128** e Manuel Cerdeira Canteiro ***1999** como funcionarios de carreira na categoría de oficial do Corpo da Policía Local (Escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase Policía Local e Auxiliares, escala básica do subgrupo C1)

SEGUNDO.- Notificarlles o acordado aos interesados, coa advertencia que deberán tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación do presente acordo.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación do presente acordo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

CUARTO.- Ordear a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Lugo, 24 de xaneiro de 2022.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 0129

PANTÓN

Anuncio

EDICTO.

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE LIXO RURAL CORRESPONDENTE AO SEGUNDO SEMESTRE DE 2021.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do 20.01.2022, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación dos servizos de recollida de lixo rural correspondente ao segundo semestre de 2021, o cal se expón ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a este, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación dos servizos de recollida de lixo rural correspondente ao segundo semestre de 2021.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 01.02.2022 ao 31.03.2022, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 01.03.2021
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 21 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, José Luil Álvarez Blanco.

R. 0130

Anuncio

EDICTO.

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do 20.01.2022, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de decembro de 2021, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1- Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

2- Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.

3- Poderá interperse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de decembro de 2021.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 01.02.2022 ao 31.03.2022, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 01.03.2022
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 21 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, José Luil Álvarez Blanco.

R. 0131

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIRO CORRESPONDIENTE AO QUINTO BIMESTE DE 2021.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do 20.01.2022, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao quinto bimestre de 2021, o cal se expón ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor

das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a este, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao quinto bimestre de 2021.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 15.02.2022 ao 15.04.2022, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 15.03.2022
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 21 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, José Luil Álvarez Blanco.

R. 0134

A PASTORIZA

Anuncio

ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ TITULAR

Ao abeiro do disposto no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz, neste concello iniciouse expediente para á elección de Xuíz de Paz Titular do Xulgado de Paz da Pastoriza.

De conformidade co disposto no art. 102 da Lei Orgánica do poder xudicial, poderán presentar solicitudes para a provisión do posto de xuíz de paz titular, as persoas que reúnan os requisitos esixidos no seu art. 302 (ser cidadán español e maior de idade), coas limitacións que se establecen no art. 303 como causas de incapacidade.

A solicitude presentarase nas oficinas municipais do Concello da Pastoriza de 09:00 a 14:00 h, no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, e deberá conter a seguinte documentación:

- a) Certificación de nacemento e fotocopia autenticada do documento nacional de identidade.
- b) Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, do 1 de decembro, no seu punto 1.a) referente a "si se atopa inculpado ou procesado".-
- c) Declaración xurada sobre se incorre nalgún suposto de incompatibilidade para o desempeño das funcións xudiciais recollidas, respectivamente, no artigo 303 e 389 a 397 da LOPX, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís (arts. 1.2 e 14 RXP).
- d) Xustificación dos méritos que, no seu caso, alegue o solicitante con indicación da profesión e actividades que realiza.

A Pastoriza, 21 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 0132

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XERMADE

Anuncio

BASES VIII PREMIO DE INVESTIGACIÓN “XERMADE NA HISTORIA”

BDNS (Identif.): 607345

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/607345>)

BASES VIII PREMIO DE INVESTIGACIÓN “XERMADE NA HISTORIA”

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o 12 de xaneiro de 2021, aprobou as bases e a convocatoria do VIII Premio de Investigación “Xermade na Historia”, cuxo texto íntegro se transcribe literalmente:

“VIII PREMIO DE INVESTIGACIÓN “XERMADE NA HISTORIA”

O Concello de Xermade e a Asociación de Veciños de Cabreiros, coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela, convocan o VIII Premio de Investigación “Xermade na historia”, financiado pola Exma. Deputación de Lugo que será regulado polas seguintes

BASES

1. As persoas interesadas poderán participar tanto a nivel individual como colectivo.
2. Cada autor/a poderá concursar con cantos traballos desexe.
3. Os temas sobre os que poderán versar os traballos deberán estar relacionados co patrimonio etnográfico e cultural do Concello de Xermade (tradicións, festas, ritos, arte popular, lendas, memoria histórica, costumes, literatura oral, arquitectura, etc).
4. Haberá dous premios:
 - 1º Premio, dotado con 2.000 euros.
 - 2º Premio, dotado con 1.000 euros.
5. Os traballos deberán ser entregados no Rexistro Xeral do Concello de Xermade baixo pseudónimo, ou a través de correo postal. Non se admite a presentación por medios telemáticos. Nun sobre pechado serán incluídos os datos da persoa participante: Nome, enderezo, teléfono...
6. Coa presentación dos orixinais deberá ser incluída, tamén, a seguinte documentación:
Curriculum Vitae ou, se é do caso, información detallada das características da asociación, colectivo, grupo...
Modelo de presentación debidamente cumprimentado. O modelo poderá descargarse da páxina web do concello: www.xermade.org
7. Deberase entregar o orixinal en papel DIN A4 e copia en CD, en PDF e en formato editable, fonte Times New Roman, tamaño 12, e entreliñado 1,5.
8. A extensión dos traballos será dun mínimo de 50 folios e un máximo de 400. As páxinas ocupadas polas notas, bibliografía, mapas, fotografías, etc, tamén se contabilizarán.
9. Os traballos deberán ser realizados e presentados e en lingua galega. A data límite de presentación dos traballos será o día 29 de abril de 2022.
10. O xurado estará presidido polo Sr. Alcalde do Concello de Xermade, e catro vogais: Presidente da Asociación de Veciños de Cabreiros e tres especialistas en materias relacionadas co patrimonio etnográfico e cultural. Actuará como secretario/a un/ha funcionario/a do Concello de Xermade. A composición do xurado determinarase por resolución de alcaldía que se fará pública antes do 24 de maio de 2022.
11. Unha vez que o xurado falle os premios, que poderán ser declarados desertos, daranse a coñecer a través dos medios de comunicación.
12. As persoas premiadas deberán comunicar por escrito ao Concello de Xermade a aceptación do Premio no prazo de oito (8) días naturais a partir da data da comunicación da concesión do mesmo.

13. As obras premiadas poderán ser editadas polo Concello dentro do prazo de cinco (5) anos; transcorrido o mesmo, os seus autores/as disporán delas libremente, pero no momento, se é do caso, da súa publicación, deberán consignar a distinción concedida.

14. A Asociación de Veciños de Cabreiros e o Concello de Xermade poderán solicitar do autor/a calquera aclaración que estimen conveniente en relación co traballo. Así mesmo, poderán deixar sen efecto o Premio se o beneficiario incumpre as obrigacións sinaladas nas presentes Bases.

15. As cuestións non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado de acordo co seu libre criterio.

16. A participación no Premio implica a total aceptación das presentes Bases. “

Faise público para xeral coñecemento.

Xermade, 12 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0156
